

CONTEDOR XENÉRICO:

Fración resto



· Restos orgánicos (en caso de non dispoñer de composteiro).

· Cueiros, compresas.

· Papel e cartón con restos de graxa.

· Panos de papel usados.

· Bastonciños de algodón.

· Toallíñas desbotables.

· Papel de aluminio sucio.

· Coiro.

· Bolígrafos.

· Pequenos obxectos plásticos, metálicos ou de madeira de uso caseiro que non sexan envases.

· Pequenos xoguetes de plástico.



Os residuos susceptibles de ser reciclados.

RECOMENDACIÓNS

· Aproveita ao máximo os alimentos e evita tiralos ao contedor do lixo.

· Se vives no rural ou dispós de horta, xardín ou terras de cultivo, pódeste valer da compostaxe doméstica para reciclar en orixe a materia orgánica, evitando que esta acabe no contedor xenérico.

· Utiliza o punto limpo para depositar os residuos especiais ou voluminosos, evitando así a saturación dos contedores e maximizando tamén as posibilidades de reutilización e reciclado.



SEPARA BEN PARA RECICLAR MELLOR!

Ordes + Limpo

XESTIONANDO O LIXO DE FORMA CORRECTA, GOZAREMOS DUN MEDIO AMBIENTE LIMPO E SAUDABLE

PRECISAMOS DA TÚA COLABORACIÓN



CONTEDOR AMARELO:

Envases de plástico, latas e briks.



· Botellas de plástico que contiveran líquidos (aceites vexetais, refrescos, auga, leite,...).

· Botes de plástico que contiveran produtos de aseo ou limpeza (xel de baño, xampú, limpadores do fogar, ...).

· Botes de cosméticos.

· Tubos de dentífrico.

· Bandexas de aluminio, porexpan ou cortiza branca.

· Redes de envoltorios de froitas ou verduras.

· Plásticos film e envoltorios de aluminio.

· Bolsas de plástico dos comercios.

· Envases plásticos de manteiga, logur ou aperitivos.

· Envoltorios de plástico de magdalenas, galletas, etc.

· Briks de leite, batidos, viño, zumes,...

· Latas de conservas (tomate, atún, sardiñas...) e de bebidas e refrescos.

· Tapóns e tapas metálicas (de botellas, frascos...).



Residuos de plástico que non sexan envases (xoguetes, cepillos de dentes, rotuladores, cables eléctricos, enchufes,...), así como cueiros, restos de alimentos, papel, vidro, pilas, etc...

RECOMENDACIÓNS

· Os envases deben estar baleiros antes de depositalos no contedor amarelo.

· Non se deben introducir uns dentro doutros.

· Convén pregar os envases que o permitan para que ocupen o menor espazo posible.

CONTEDOR AZUL: Papel e cartón



· Xornais e revistas.

· Cadernos sen argolas, sen grampos e sen arames.

· Papel de envolver ou embalar.

· Caixas de cartón (de galletas, cereais, zapatos, ...).

· Envases de papel (de arroz, fariña, azucre, ...).

· Cartóns de ovos.

· Acolchado de embalaxes (cando sexa de papel ou cartón).

· Libros.

· Follas de apuntamentos.



Papeis tratados-encerrados, plastificados, de calco, sucios ou con restos de graxa, así como briks (cartóns de leite, zume, viño, etc.), cueiros, aluminio, etc...

RECOMENDACIÓNS:

· O papel e o cartón non deben conter elementos accesorios: argolas metálicas, grampos, arames, espirais, etc...

IGLÚ VERDE: Envases de vidro



· Botellas de vidro de calquera cor.

· Tarros de vidro.

· Frascos de conservas.

· Tarros de cosmética e perfumería.



As tapas, tapóns e cortizas das botellas, así como vidros especiais (restos de cristaleras, parabrisas de coches, cristais de fiestras, espellos, etc...).

RECOMENDACIÓNS

· Antes de introducir un envase de vidro no iglú verde, é preciso optar por reutilizalo para outras aplicacións. As posibilidades son múltiples.